



ANUNCIO

A Alcaldía con data 23-03-2023, ditou a Resolución 435/2023 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DA DATA DAS PROBAS PARA O PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DE OPERARIOS/AS DE SERVIZOS BÁSICOS AO ABEIRO DAS AXUDAS PEL, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO (SEGUNDA CONVOCATORIA)

EXPTE.: 2023/E001/000002

ANTECEDENTES

1. A Deputación Provincial da Coruña, no BOP núm. 13 do 19/01/2023, publicou as Bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de outras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023. Dentro dos tramos de asignación da axuda para o Concello de Vimianzo establece un importe máximo a solicitar de 40.000,00 euros.
2. A base 3 establece que as actividades a executar polo persoal que se contrate son as fixadas como servizos mínimos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985. Ademais, a base 4.3. establece os requisitos da contratación, que deberán atermos ao disposto no Real Decreto – Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, e esta base recolle expresamente:

[...] Os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

3. O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, enuncia os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso á función pública e o sometemento pleno das administracións públicas á Lei e ao Dereito. Esta lei é de aplicación tamén ao persoal laboral que presta servizo nas Entidades Locais (artigo 2). E, segundo o artigo 8, o persoal laboral ten a condición de empregado público.



4. A Lei de Bases de Réxime Local dispón no artigo 91.2 que a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garanten, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.
5. A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regula o persoal laboral nos artigos 26 e ss.
6. A Alcaldía, con data do 13/02/2023, ditou a Resolución 212/2023 pola que se aprobaron as bases, que foron publicadas integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo e anunciadas no BOP núm. 34, do 17/02/2023.
7. No prazo outorgado presentáronse varias solicitudes, pero recibíronse queixas sobre a dificultade de conseguir a documentación que se esixe como requisitos dentro do prazo outorgado.
8. Consta a Providencia de Alcaldía con data do 06/03/2023 coas disposicións para aprobar as novas bases e abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes tendo en conta as xa presentadas ao abeiro da Resolución 212/2023 anunciadas no BOP núm. 34, do 17/02/2023.
9. A Alcaldía, con data do 06/03/2023, ditou a Resolución 332/2023 pola que se aprobou unha segunda convocatoria, na que se recolle que se terán en conta as persoas candidatas presentadas para a primeira. Esta nova convocatoria foi publicada no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo e anunciada no BOP núm. 48, do 10/03/2023.
10. Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local, do 23/03/2023, coa listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.
11. A Alcaldía con data 23/03/2023, ditou a Resolución 435/2023, que recolle a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, publicada o 24/03/2023 Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.
12. Consta o Informe de Rexistro con data do 29/03/2023 sobre as achegas de documentación de dúas persoas candidatas.
13. Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local sobre a proposta de lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, con data do 29/03/2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- A Disposición final segunda do Real Decreto–Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, que contempla a posibilidade de que as administracións públicas realicen contratos



para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego que non teñan duración superior a doce meses e que as persoas traballadoras maiores de 30 anos que participen en programas públicos de emprego e formación previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, poderán ser contratadas mediante o contrato formativo previsto no artigo 11.2 do Estatuto dos Traballadores.

- O artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección.
- Tense en conta o establecido na base quinta, sobre requisitos de acceso, e na base quinta, sobre presentación de solicitudes e admisión de aspirantes, que indica, no apartado g): “Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución coa listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Concederá un prazo de dous días naturais nos que as persoas excluídas ou as que non figuren poidan presentar as súas alegacións ou subsanacións”.
- Considérase o estipulado na base quinta, sobre requisitos de acceso, e na base quinta, sobre presentación de solicitudes e admisión de aspirantes, que indica, no apartado h): “Transcorrido o prazo anterior e resoltas as reclamacións, a Alcaldía ditará a resolución definitiva coa relación de persoas admitidas e excluídas, a composición do Tribunal e a data e lugar de celebración da fase da oposición”.

En base ao anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos no proceso de selección segundo as seguintes táboa:

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

NUM	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI*
1	2023/ E002/000038	SANDRA	ADELANTADO DOMINGUEZ	***0677* *
2	2023/ E002/000036	MAGDALENA	AMIGO RIAL	***6566* *
3	2023/ E002/000018	JOSE MANUEL	ANDRADE MIÑONES	***5401* *
4	2023/ E002/000022	JESUS MARIA	ANDREA LORENZO	***5987* *
5	2023/ E002/000030	DULCE MARIA	ANIDO ABELENDIA	***9291* *
6	2023/ E002/000009	M HAMED	AZREUG	***3170* *
7	2023/ E002/000015	MARIA DOLORES	CALO SENRA	***2537* *
8	2023/ E002/000017	MARIA CARMEN	CARBALLO OTERO	***1718* *
9	2023/	DARIO	FERREIRO AMIGO	***3492*

	E002/000020			*
10	2023/ E002/000021	MARIA ANGELES	GARCIA REY	***6080* *
11	2023/ E002/000025	CARLOS ALBERTO	HERRERO LOPEZ	***3530* *
12	2023/ E002/000011	LUIS	INSUA RIVEIRO	***9915* *
13	2023/ E002/000035	FRANCISCO	MARTINEZ CASTRO	***4541* *
14	2023/ E002/000031	JUAN	MOUZO ROMERO	***5680* *
15	2023/ E002/000027	JOSE LUIS	NOVO IGLESIAS	***2966* *
16	2023/ E002/000013	JOSE MANUEL	PAZOS HERMIDA	***4806* *
17	2023/ E002/000010	JOSE	PEREZ DEVESA	***4605* *
18	2023/ E002/000024	JOSE MANUEL	REGUEIRA LEMA	***6556* *
19	2023/ E002/000016	JUAN JOSE	REY LOPEZ	***6591* *
20	2023/ E002/000012	FRANCISCO	RIVEIRO PEDREIRA	***5670* *
21	2023/ E002/000026	ENRIQUE	SANTOS LORENZO	***6684* *
22	2023/ E002/000029	ESTRELLA	SENDON LOPEZ	***3190* *
23	2023/ E002/000032	MARTINA	TEDIN CASTRO	***3469* *
24	2023/ E002/000023	BARBARA	TORRADO ROMERO	***0877* *
25	2023/ E002/000034	MIGUEL	TRILLO PARGA	***9964* *
26	2023/ E002/000014	MARIA CONSUELO	VALIÑA MARTINEZ	***4219* *
27	2023/ E002/000039	MANUEL	VARELA EIROA	***3300* *
28	2023/ E002/000028	SERGIO	VAZQUEZ LOPEZ	***1050* *

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS

	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI*	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	2023/ E002/000033	CANDID O ANGEL	COUCEIRO SOTELO	***9655 **	FALTA INFORME DE VIDA LABORAL, NECESARIO PARA ACREDITAR QUE NON ESTÁ



					TRABALLADO E NON SUBSANOU NO PERÍODO CONCEDIDO
2	2023/ E002/000019	JUAN CARLOS	LOPEZ LASALA	***1657 **	NON CUMPRE O REQUISITO DE ESTAR NO PARO E NON ENMENDOU NO PERÍODO CONCEDIDO
3	2023/ E002/000041	ALVARO	TRILLO DE LA FUENTE	***0377 **	PRESENTADA FORA DE PRAZO E NON ENMENDOU NO PERÍODO CONCEDIDO

Segundo.- Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente: María Nieves Lema Vilariño, técnica de Cultura do Concello de Vimianzo

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo

Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo

Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, TAX do Concello de Vimianzo

1º vocal: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural do Concello de Vimianzo

Suplente: Sandra Abeijón Romero, traballadora social do Concello de Vimianzo

2º Vogal: Lorena Cernadas Soto, técnica administrativa de Informática no Concello de Vimianzo

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, tesoureiro do Concello de Vimianzo

3º vogal: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cee.

Terceiro.- Convocar ao tribunal para o día 31/03/2023, ás 9:00 na Casa do Concello de Vimianzo para a constitución e establecer o seguinte calendario para a realización das probas test da fase de oposición:

Data: 31/03/2023

Hora: 10:00

Lugar: Casa da Cultura

[...]"



Vimianzo, 29 de marzo de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez